

CONCELLO DA BAÑA

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO

ACTA NÚMERO 2019/08

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello da Baña

Data: 05/08/2019

Hora de comezo: 20:00 h en primeira convocatoria

Hora de remate: 21:00 h

ASISTENTES:

Alcalde:

José Antonio Pereira Gil (PSdG-PSOE)

Concelleiros:

Mónica González Blanco (PSdG-PSOE)
Jesús Manuel Pena Varela (PSdG-PSOE)
Ana Paramos Cebey (PSdG-PSOE)
José Andrés García Cardeso (PP)
Alica Blanco Sande (PP)
José Manuel Landeira Liñares (PP)
Manuel Tourís Fernández (PP)
María Rosa Ramos Freita (PP)
César Ramos Domínguez (CxG)
David Gontán Varela (CxG)

Actúa como secretario do Pleno o secretario-interventor da Corporación, Dalmiro Núñez Méndez.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día que remitiuse aos concelleiros coa antelación legalmente requirida:

ORDEN DO DÍA

I PARTE RESOLUTORIA

- 1 Aprobación dos festivos locais para o ano 2020
- 2 Incoación do expediente para a licitación da actuación "Proxecto de renovación das instalación de alumeado público co fin de reducir as emisión de CO2 á atmosfera no termo municipal da Baña (A Coruña), financiado (80%) polo IDEA
- 3 Nomeamento de representantes da Administración en órganos colexiados
- 4 Determinación de cargos con dedicacións exclusivas e parciais

II PARTE DE CONTROL

- 1 Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 28/03/2019 e o 30/07/2019
- 2 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 28/03/2019 e o 30/07/2019
- 3 Mocións dos grupos políticos

I PARTE RESOLUTORIA

1 Aprobación dos festivos locais para o ano 2020

ANTECEDENTES

Decreto 81/2019, do 27 de xuño, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020 (DOG nº 132 do 12/07/2019).

02/08/2019. Ditame da Comisión informativa única (asuntos do Pleno).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

O artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, polo que se regulan as xornadas de traballo, as xornadas especiais e os descansos, que literalmente di “...serán tamén inhábiles para o traballo, retribuídos e non recuperables, atados días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente– e publicándose no Boletín Oficial da Comunidade Autónoma e, no seu caso, no Boletín Oficial da provincia...”

O órgano competente para aprobar os ditos días inhábiles para o traballo, retribuídos e non recuperables é o Pleno do Concello (artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo).

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Polo exposto, proponse adoptar este acordo:

PRIMEIRO. Aprobar como días de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o ano 2020 no Concello de A Baña os seguintes:

- ☐ 22 de xaneiro, mércores, (San Vicente)
- ☐ 9 de setembro, mércores (Virxe das Dores)

SEGUNDO. Comunicarlle este acordo presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e aos representantes dos traballadores/as municipais.

INTERVENCIÓNS

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén José Andrés García Cardeso (PP).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Cesar Ramos Domínguez (CxG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

RESOLUCIÓN

Vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor: once (11) de PSdG-PSOE (4), PP (5) e CxG (2)

Votos en contra: ningún (0)

Abstencións: ningunha (0)

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. Aprobar como días de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o ano 2020 no Concello de A Baña os seguintes:

- ☐ 22 de xaneiro, mércores, (San Vicente)
- ☐ 9 de setembro, mércores (Virxe das Dores)

SEGUNDO. Comunicarlle este acordo presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e aos representantes dos traballadores/as municipais.

2 Incoación do expediente para a licitación da actuación “Proxecto de renovación das instalacións de alumado público co fin de reducir as emisión de CO₂ á atmosfera no termo municipal da Baña (A Coruña), financiado (80%) polo IDAE

ANTECEDENTES

18/02/2019 o INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICACIÓN Y AHORRO DE LA ENERGÍA (IDAE) outorgoulle ao Concello de A Baña unha subvención por importe máximo de 394.546,96 € ao abeiro e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017), para levar a cabo o proxecto:

Proxecto:	“Proxecto de renovación das instalacións de alumado público co fin de reducir as emisións de CO ₂ á atmosfera no termo municipal da Baña (A Coruña)”
Obxecto:	<p>Renovación do alumado público exterior no municipio da Baña da provincia da Coruña, actuando en 2281 dos 2.327 puntos de luz existentes, substituíndo as actuais luminarias de descarga, con vapores metálicos de iluminación (VSAP, VSPB, VM con HM) por luminarias LED máis eficientes así como a instalación de novos sistemas de control e de regulación de fluxo luminoso mediante programación no driver da propia luminaria nos 123 centros de medida.</p> <p>Con esta actuación diminuírase a potencia de 230,82 kW a 81,08 kW e conseguírase un aforro enerxético estimado do 73%</p> <p>As características técnicas completas e detalladas do proxecto son as especificadas no documento definitivo de memoria técnica achegado polo concello para obter a subvención.</p>
Coste:	493183,70 €
Tasa de cofinanciación (%)	80 %

Axuda outorgada:	394547,00 € €
------------------	---------------

02/08/2019. Ditame da Comisión informativa única (asuntos do Pleno).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Resolución do Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE) pola que se outorga ao Concello de A Baña unha subvención por importe máximo de 98.017,92 € ao abeiro e de conformidade co establecido no Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 (B.O.E. nº 144, do 17 de xuño de 2017).

Artigo 21 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP, en adiante).

Artigo 159 e concordantes da LCSP.

Disposición adicional segunda da LCSP.

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Á vista do exposto, propónse adoptar este acordo:

PRIMEIRO. Incoar expediente de contratación para licitar a actuación:

Proxecto:	“Proxecto de renovación das instalacións de alumeadado público co fin de reduci-las emisións de CO ² á atmosfera no termo municipal da Baña (A Coruña)”
Obxecto:	<p>Renovación do alumeadado público exterior no municipio da Baña da provincia da Coruña, actuando en 2281 dos 2.327 puntos de luz existentes, substituíndo as actuais luminarias de descarga, con vapores metálicos de iluminación (VSAP, VSPB, VM con HM) por luminarias LED máis eficientes así como a instalación de novos sistemas de control e de regulación de fluxo luminoso mediante programación no driver da propia luminaria nos 123 centros de medida.</p> <p>Con esta actuación diminuírase a potencia de 230,82 kW a 81,08 kW e conseguírase un aforro enerxético estimado do 73%</p> <p>As características técnicas completas e detalladas do proxecto son as especificadas no documento definitivo de memoria técnica achegado polo concello para obter a subvención.</p>
Coste (IVE incluído):	493183,70 €
Tasa de cofinanciación (%)	80 %

Axuda outorgada:	394547,00 € €
------------------	---------------

SEGUNDO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerán no contrato e no proceso de adxudicación, así como efectuar á retención do crédito necesario para executar a actuación.

TERCERO. Que a Secretaría-Intervención emita informe-proposta de resolución para á súa adxudicación mediante o procedemento aberto previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con pluralidade de criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas.

INTERVENCIONES

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén José Andrés García Cardeso (PP).

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

Intervén Cesar Ramos Domínguez (CxG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo.

RESOLUCIÓN

Vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor: once (11) de PSdG-PSOE (4), PP (5) e CxG (2)

Votos en contra: ningún (0)

Abstencións: ningunha (0)

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. Incoar expediente de contratación para licitar a actuación:

Proxecto:	“Proxecto de renovación das instalacións de alumado público co fin de reducir as emisións de CO ² á atmosfera no termo municipal da Baña (A Coruña)”
Obxecto:	<p>Renovación do alumado público exterior no municipio da Baña da provincia da Coruña, actuando en 2281 dos 2.327 puntos de luz existentes, substituíndo as actuais luminarias de descarga, con vapores metálicos de iluminación (VSAP, VSPB, VM con HM) por luminarias LED máis eficientes así como a instalación de novos sistemas de control e de regulación de fluxo luminoso mediante programación no driver da propia luminaria nos 123 centros de medida.</p> <p>Con esta actuación diminuírase a potencia de 230,82 kW a 81,08 kW e conseguírase un aforro enerxético estimado do 73%</p>

	As características técnicas completas e detalladas do proxecto son as especificadas no documento definitivo de memoria técnica achegado polo concello para obter a subvención.
Coste (IVE incluído):	493183,70 €
Tasa de cofinanciación (%)	80 %
Axuda outorgada:	394547,00 € €

SEGUNDO. Ordenar a redacción dos pregos de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerán no contrato e no proceso de adxudicación, así como efectuar á retención do crédito necesario para executar a actuación.

TERCERO. Que a Secretaría-Intervención emita informe-proposta de resolución para á súa adxudicación mediante o procedemento aberto previsto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con pluralidade de criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas.

3 Nomeamento de representantes da Administración en órganos colexiados

ANTECEDENTES

01/04/2019. Real Decreto 209/2019, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019 (BOE nº 79 do 2 de abril de 2019).

26/05/2019. Eleccións locais no Concello de A Baña das que resultou unha nova Corporación Local para o dito concello para o período 2019/2023.

15/06/2019. Constitución da nova Corporación Local.

10/07/2019. Informe-proposta de resolución da Secretaría-Intervención.

02/08/2019. Ditame da Comisión informativa única (asuntos do Pleno)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRO. O artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que é preciso nomear aos concelleiros/as nos distintos órganos colexiados con representación municipal.

A competencia para o dito nomeamento correspóndelle ao Pleno do Concello.

Ao Concello da Baña correspóndelle nomear os representantes que se sinalan nos órganos supramunicipais que se indican:

Órgano	Nº de representantes
Mancomunidad do Tambre	3 (1 representante por grupo político)
Fundación de Discapacitados Psíquicos Barcala	3
GDR	2

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Nomear representantes do Concello da Baña nos órganos supramunicipais que se indican ao concelleiros/as que se sinalan:

Órgano	Nº de representantes
Mancomunidade do Tambre	Jose Antonio Pereira Gil (1 ^{er} titular)
	Jesús Manuel Pena Varela (suplente do 1 ^{er} titular)
	José Andrés García Cardeso (2º titular)
	José Manuel Landeira Liñares (suplente do 2º titular)
	Cesar Ramos Domínguez (3 ^{er} titular)
Fundación de Discapacitados Psíquicos Barcala	David Gontán Varela (suplente do 3 ^{er} titular)
	Jose Antonio Pereira Gil (1 ^{er} titular)
	Mónica González Blanco (2º titular)
	Cesar Ramos Domínguez (3 ^{er} titular)
	David Gontán Varela (suplente do 3 ^{er} titular)
GDR	Jose Antonio Pereira Gil (1 ^{er} titular)
	Jesús Manuel Pena Varela (suplente do 1 ^{er} titular)
	José Andrés García Cardés (2º titular)
	José Manuel Landeira Liñares (suplente do 2º titular)

SEGUNDO. Notificarlle este acordo aos órganos para os que se nomean os representantes

INTERVENCIONES

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén José Andrés García Cardeso (PP).

Anuncia o voto a favor do seu grupo. Sinala a importancia de chegar a consensos.

Intervén Cesar Ramos Domínguez (CxG)

Anuncia o voto a favor do seu grupo. Pregunta por qué non se inclúen os representantes nos órganos educativos.

Intervén o secretario-interventor.

Explica que o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que é preciso nomear aos concelleiros/as nos distintos órganos colexiados con representación municipal.

A competencia para efectuar estes nomeamentos, no caso dos órganos colexiados pertencen a organizacións supramunicipais, correspóndelle ao Pleno que, no que a participación se refire, terá que respectar a proporcionalidade existente na composición do Pleno (artigo 22.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

No caso de órganos colexiados que non sexan supramunicipais, a competencia para o dito nomeamento correspóndelle á Alcaldía, por aplicación do disposto no 21.1.s) da LRBRL (atribución residual de competencias non atribuídas expresamente a outro órgano municipal).

Por outra banda, o artigo 21.1.b) da LRBRL atribúe ao alcalde a competencia para representar ao concello.

A representación municipal nos centros educativos é unha representación institucional, polo que é á Alcaldía a quen lle corresponde á dita representación, sen prexuízo de poder delegar aquela.

Por outra banda, os centros educativos non teñen carácter supramunicipal, polo que correspóndelle a competencia de designación de representantes nas mesmas ao alcalde, en virtude do previsto no artigo 21.1.s) da LRBRL.

RESOLUCIÓN

Vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor: once (11) de PSdG-PSOE (4), PP (5) e CxG (2)

Votos en contra: ningún (0)

Abstencións: ningunha (0)

Adopta este acordo:

PRIMEIRO. Nomear representantes do Concello da Baña nos órganos supramunicipais que se indican ao concelleiros/as que se sinalan:

Órgano	Nº de representantes
Mancomunidade do Tambre	Jose Antonio Pereira Gil (1 ^{er} titular)
	Jesús Manuel Pena Varela (suplente do 1 ^{er} titular)
	José Andrés García Cardeso (2º titular)
	José Manuel Landeira Liñares (suplente do 2º titular)
Fundación de Discapacitados Psíquicos Barcala	Cesar Ramos Domínguez (3 ^{er} titular)
	David Gontán Varela (suplente do 3 ^{er} titular)
	Jose Antonio Pereira Gil (1 ^{er} titular)
	Mónica González Blanco (2º titular)
GDR	Cesar Ramos Domínguez (3 ^{er} titular)
	David Gontán Varela (suplente do 3 ^{er} titular)
	Jose Antonio Pereira Gil (1 ^{er} titular)
	Jesús Manuel Pena Varela (suplente do 1 ^{er} titular)
	José Andrés García Cardés (2º titular)
	José Manuel Landeira Liñares (suplente do 2º titular)

SEGUNDO. Notificarlle este acordo aos órganos para os que se nomean os representantes

4 Determinación de cargos con dedicacións parciais

Intervén o alcalde, Jose Antonio Pereira Gil, para aclarar que por un erro de corta e pega o asunto da orde do día refírese as dedicacións parciais e exclusivas.

ANTECEDENTES

01/04/2019. Real Decreto 209/2019, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019 (BOE nº 79 do 2 de abril de 2019).

26/05/2019. Eleccións locais no Concello de A Baña das que resultou unha nova Corporación Local para o dito concello para o período 2019/2023.

15/06/2019. Constitución da nova Corporación Local.

10/07/2019. Informe-proposta de resolución.

02/08/2019. Ditame da Comisión informativa única (asuntos do Pleno)

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

PRIMEIRO. Dedicacións dos membros da Corporación. O artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local dispón que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Así mesmo, os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no réxime xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda.

Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas leis de orzamentos xerais do Estado.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fora da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

Este artigo admite compatibilizar, por excepción, a percepción destas coa de emprego público, sempre que tal dedicación desempéñese fose da súa xornada de traballo na Administración, e sen superar en ningún caso os límites que legais establecidos. Esta condición de persoal, resulta con todo incompatible cando se trata da propia corporación, de conformidade co citado artigo 179 Lei 5/1985, do réxime electoral xeral.

O límite fixado para prestar servizos en réxime de dedicación exclusiva por parte dos seus concelleiros nos concellos de entre 3.001 e 10.000 habitantes é de tres (3). Non existe límite, no que ao número de concelleiros se refire, para prestar servizos en réxime de dedicación parcial.

SEGUNDO. Límites retributivos. O artigo 18 da Real Decreto-Lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, o límite máximo total que poden percibir os membros das Entidades Locais por tódolos conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios a os que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais será, no caso de concellos de entre 1.000 e 5.000 habitantes, de 42.452,24 €.

O coste económico anual da dedicación exclusiva (1) e da dedicación parcial (1) propostas é o seguinte (computo anual):

CARGO	RETRIBUCIÓNS TOTAIS ANUAIS
-------	----------------------------

Alcaldía	36.000 €
Concellería de Servizos Sociais, Emprego, Educación, Cultura e Deportes	12.000 €

Deberán publicarse integramente no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* e fixarse no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

PROPOSTA DE ACORDO:

Logo de ver o exposto, proponse adoptar este acordo:

PRIMEIRO. Determinar que os cargos de alcalde e de concelleira responsable da área de Servizos Sociais, Emprego, Educación, Cultura e Deportes, á que se engadirán as funcións de sinatura delegada en trámites ordinarios, realicen ás súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e de dedicación parcial, respectivamente.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desenvolvan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial as retribucións que a continuación se relacionan:

CARGO	RETRIBUCIÓN TOTAL ANUAL
Alcaldía	36.000 €
Concellería de Servizos Sociais, Emprego, Educación, Cultura e Deportes	12.000 €

As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas; doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano; e dúas correspondentes ás pagas extras de xuño e decembro.

Procederase a darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social con efectos dende esa data, correspondéndolle ao concello o pago das cotas empresariais que correspondan.

TERCEIRO. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

INTERVENCIÓNS

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén Cesar Ramos Domínguez (CxG)

Sinala que o equipo de goberno está en minoría polo que podía ser previsible que non se aprobasen as dedicacións que propón; engade que a proposta é a mesma que a do anterior pleno; pregunta por qué non se lle deu vista do expediente de bens e intereses dos novos membros da Corporación.

Intervén José Andrés García Cardeso (PP).

Anuncia o voto en contra do seu grupo. Sinala que aínda non recibiu ningunha chamada do equipo de goberno para intentar chegar a un acordo sobre este asunto. Lembra que cando el foi alcalde, tardou tres meses en obter unha dedicación.

Intervén o alcalde, Jose Antonio Pereira Gil.

Lembra que non se pode exercer correctamente o cargo de alcalde sen ter unha retribución que permita dedicarse en exclusiva ás obrigas do cargo. Sinala que no caso de non aprobarse as dedicacións, terá que volver ao seu traballo e que, nese caso, non poderá atender correctamente á veciñanza como alcalde.

RESOLUCIÓN

Vótase o asunto.

O pleno por:

Votos a favor: catro (4) de PSdG-PSOE

Votos en contra: cinco (5) de PP

Abstencións: dúas (2) de CxG

Adopta este acordo:

ÚNICO. Non aprobar a Proposta da Alcaldía que di:

“PRIMEIRO. Determinar que os cargos de alcalde e de concelleira responsable da área de Servizos Sociais, Emprego, Educación, Cultura e Deportes, á que se engadirán as funcións de sinatura delegada en trámites ordinarios, realicen ás súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e de dedicación parcial, respectivamente.

SEGUNDO. Establecer a favor dos membros da Corporación que desenvolvan os seus cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial as retribucións que a continuación se relacionan:

CARGO	RETRIBUCIÓN ANUAIS	TOTAIS
Alcaldía		36.000 €
Concellería de Servizos Sociais, Emprego, Educación, Cultura e Deportes		12.000 €

As retribucións anuais brutas aboaranse en catorce pagas; doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano; e dúas correspondentes ás pagas extras de xuño e decembro.

Procederase a darlles de alta no réxime xeral da Seguridade Social con efectos dende esa data, correspondéndolle ao concello o pago das cotas empresariais que correspondan.

TERCEIRO. Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña”.

II PARTE DE CONTROL

- 1 Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 28/03/2019 e o 30/07/2019**

O pleno toma coñecemento sucinto das resolucións da Alcaldía ditadas entre o 28/03/2019 e o 30/07/2019 (artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

2 Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 28/03/2019 e o 30/07/2019

O pleno toma coñecemento que, a salvo erro ou omisión involuntaria, no período comprendido entre o 28/03/2019 e o 30/07/2019, non constan reparos de legalidade da Secretaría-Intervención municipal.

3 Mocións dos grupos políticos

Non hai mocións dos grupos políticos.

4 Rogos e preguntas acta anterior

Formúlanse as seguintes:

Preguntas do grupo municipal de CxG

- 1 A empresa de marketing que leva a campaña “Galicia es la leche” impulsada pola “Casa Grande de Xanceda” púxose en contacto con nós para ofrecer ao Concello da Baña participar na campaña deste ano poñer en valor o rural, e reivindicar a importancia para Galicia do seu sector gandeiro e leiteiro. A campaña do ano pasado consistiu en colocar un “paso de vaca” na cidade da Coruña e realizar diferentes accións publicitarias que foron un éxito para a promoción turística desa cidade. Nesta nova edición queren facer o mesmo en diferentes concellos galegos con importancia no sector leiteiro. Solicitamos que o Concello da Baña participe este verán en devandita campaña, que apenas carrega gastos, e que será importante para a promoción do municipio ao mesmo tempo que dende a administración local se fai un recoñecemento ao rural e a posta en valor de do sector leiteiro da nosa comarca e a toda a xente que directa ou indirectamente se dedica á explotación gandeira.
- 2 Queremos saber se o grupo de goberno ten xa pensado como vai organizar o transporte dos adolescentes que teñen que asistir ao instituto de Negreira ou Santa Comba no vindeiro curso escolar que comeza no mes de setembro. Moitos veciños e veciñas descoñecen como se organizará este servizo de transporte. Solicitamos que se informe ao respecto.
- 3 No pleno do pasado mes de abril o señor Pereira criticou o estado final das obras de mellora do firme da estrada de Troitosende, asegurando que existían unha serie de “anomalias” solicitando que “se solucionen”. Solicitamos información de se, agora que forman parte do grupo de goberno, fixeron algún tipo de trámite referente a esta actuación.
- 4 Dende o PSOE levades tempo reclamando en diferentes plenos a limpeza das franxas de seguridade ao redor das edificacións, aludindo nalgún deles que se aprobou unha moción ao respecto pero que dende o goberno municipal non se fixo nada. Queremos saber que medidas foron adoptadas a este respecto polo novo grupo de goberno e

tamén solicitar que se informe publicamente dos trámites que deben facer os veciños e veciñas para reclamar as limpeza das propiedades lindantes coas súas parcelas.

- 5 Tanto o PSOE como CxG levamos tempo reclamando ao anterior goberno que se lle dera unha solución á casa en ruínas de Guende. Solicitamos información, no caso de existir, sobre os trámites realizados polo novo grupo de goberno respecto a este tema.
- 6 No pleno ordinario do pasado mes de abril o señor Pereira solicitou que se deixara de facer uso partidista da páxina web do Concello. Dende CxG, agora que o PSOE esta no grupo de goberno, volvemos pedir o mesmo. Queremos saber cal é a finalidade de publicar fotos na conta oficial de Facebook municipal do señor alcalde e o tenente alcalde en diferentes obras do Concello, sen dar ningún tipo de información: orzamentos, prazos, empresa contratada, etc. Só imaxes nas que se ven eles.
- 7 Relacionado coa pregunta anterior, de igual forma que preguntamos ao anterior grupo de goberno en varias ocasións sen obter resposta, queremos saber quen é o encargado de facer as publicacións na conta de Facebook oficial. Así mesmo, solicitamos que antes de publicar os textos, se corrixa ou pasen polo servizo de normalización lingüística para que non se fagan publicacións en perfecto “castrapo” como: *“O alcalde e o concelleiro estiveron esta tarde supervisando o hormigonado”, “Esta tarde estiveron supervisándoas”* ou *“así gozaban esta mañana os nenos e nenas da Baña do campamento”*.
- 8 Hai veciños e veciñas que nos transmitiron as súas queixas pola actuación de mellora do firme no lugar de Nantón. A pregunta é: para que visitaron o señor alcalde e o concelleiro a obra? Para sacar a foto? Solicitamos que se corrixa as deficiencias da mesma e se cumpra o prometido por este grupo de goberno.
- 9 En varios plenos da pasada lexislatura o PSOE solicitou que cando se ausentara a responsable da axencia de lectura municipal (da biblioteca), fose substituída por outra persoa para que non tivera que pechar. Entendemos que agora que están votedes no goberno ían actuar ao respecto. Cal é o motivo polo que pechou, xa que logo, a biblioteca o pasado venres 26 de xullo? Van cumprir vostedes o que solicitaron con anterioridade?
- 10 O pasado 24 de xuño solicitamos por escrito que se explicara publicamente o motivo polo que se deu indicacións á empresa contratada de non contar cos servizos de Luciana García Freita para a coordinación dos campamentos lúdico-deportivos tal como levaba realizando os últimos anos e que se nos dera copia, no caso de existir, das queixas presentadas no Concello da Baña sobre a actividade laboral de devandita traballadora. O señor alcalde simplemente contesta “infórmoo de que dita traballadora non é empregada deste concello senón que e empregada dunha empresa externa, polo que lle deberá pedir explicacións a esta”. Na propia exposición da instancia entregada xa dicimos que esa persoa é empregada dunha empresa. Queremos saber se vostede deu indicacións ao xerente desta empresa para non contratar esta traballadora que por outra banda é concelleira do PP no veciño Concello de Negreira, aludindo a existencia de numerosas queixas. Deu indicacións ou non? Existiron esas queixas?
- 11 O 24 de xuño entregamos unha instancia solicitando ao grupo de goberno, entre outras, que se nos entregara copia das facturas pagadas pola administración local (gastos xudiciais e minutas dos letrados) referentes a este litixio cos traballadores e traballadoras, polo de agora non se no entregou nada, solicitamos de novo esa documentación. Consecuentemente queremos saber cómo pensa o grupo de goberno facer fronte ao cumprimento da sentenza que obriga ao Concello da Baña a recoñecer e pagar a antigüidade do persoal laboral que desempeña as súas funcións na sede consistorial incrementadas cun 10 por cento de intereses.
- 12 No listado de decretos aparece o nº 159/2019 de “nomeamento dos membros da xunta de goberno local” no que se designa aos concelleiros/as do grupo de goberno como membros da Xunta de Goberno Local. A que se debe este decreto cando en sesión plenaria decidiuse non crear Xunta de Goberno?

- 13 Solicitamos ao grupo de goberno que se teñan en conta as deficiencias atopadas no lugar de Troitosende para realizar algún tipo de actuación de mellora (ADXUNTAMOS FOTOS DO LUGAR EXACTO). Así mesmo solicitamos que se poña un banco de madeira ao lado da fonte do mesmo lugar, algo que non é moi custoso e leva tempo reclamándoo a veciñanza.
- 14 Solicitamos información ao grupo de goberno sobre os seguros contratados polo Concello da Baña. Houbo algunha modificación dos mesmos? Deuse de baixa algún deles? Cambiouse de compañía? No caso afirmativo de algunha das respostas queremos coñecer o motivo e que o grupo de goberno dea as pertinentes explicacións.
- 15 Solicitamos que se mellore o firme no lugar de Campo na parroquia do Barro. Ese camiño está en moi malas condicións e xa provocou estragos nalgún vehículo.
- 16 Informamos ao grupo de goberno do mal estado do camiño dos Sacramentos no lugar de Ceilán que está en moi mal estado e pensamos que non sería moi dificultoso adaptalo para que poida pasear a xente sen dificultade. Solicitamos unha mellora nese camiño.
- 17 Queremos saber qué vai facer o grupo de goberno respecto ao palco de Ceilán, unha vez que a veciñanza da parroquia xa decidiu qué quere facer con el.
- 18 Solicitamos copia dos seguintes proxectos das solicitudes de subvención: "Reforma e mellora da Praza das Escolas Vellas" (48.394,18 euros) á Consellería de Medio Ambiente, "A Baña, Ruta Mariana, un punto do Camiño de Santiago (48.305,12 euros) á Axencia de Turismo de Galicia e o proxecto "A Baña Dixital" á Consellería de Política Social.
- 19 Solicitamos tamén o arranxo das porterías e pintar as liñas da pista polideportiva da parroquia de Suevos, que se atopan nun estado lamentable e parece que só ten utilidade como aparcadoiro.

Preguntas do grupo municipal do PP

- 1 Queixas dalgúns veciños sobre as obras realizadas no lugar de San Mamede. En concreto, na entrada do lugar (xunto a igrexa) por non rematar a obra e poñer unha reixa na entrada ao garaxe. Botarlle formigón ata a entrada dos garaxes e non deixar a entrada dun veciño (Casa do Cubano), que é vía pública.
- 2 Limpeza do entorno e campos, pero sobre todo onde están os locais sociais e parques infantís, que están sen limpar (por exemplo en San Mamede).
- 3 Por que se anulou a póliza do seguro de RC ao pouco tempo de tomar posesión sen ningún motivo aparente? En que situación se atopa agora o Concello? Solicitamos poder comprobar a póliza.
- 4 Dentro do POS 2018 hai unha adxudicación por Suministro e colocación de sinais viarios. Como poden estar tiradas e amontoadas máis de 40 días e non colocadas sabendo que nas nosas estradas atópanse tiradas moitas delas? Por que non se colocan?
- 5 Traslado as queixas de algúns pais e nais sobre berros e blasfemas aos rapaces e rapazas no campamento por parte de monitores. Investiguen e tomen cartas no asunto, pois non se poden consentir este tipo de actuacións e conductas.
- 6 Cando se celebran as festas patronais dunha parroquia é importante tratar de adecentar ben o seu entorno: limpeza do campo, fontes... Un exemplo témolo en Vilar da Torre, na que a fonte está chea de limos e non se limpou.
- 7 Debido ao suministro de contedores de lixo e vidro, solicitamos que se repoñan naqueles lugares nos que se atopan estropeados, como é o caso da Área recreativa de Fiopáns, Nantón, Ceilán, A Riba, Corneira, etc. Que se coloquen os novos e se retiren os vellos para arranxalos e lavalos.

- 8 Traslado as queixas de veciños/as para que se organicen mellor as quendas do persoal do concello con motivo das vacacións. Houbo días en que tan só estaba unha persoa nas oficinas de atención á veciñanza. Que se organicen mellor para dar cobertura ás necesidades do servizo.
- 9 Rogo que se respecte a todos os compañeiros concelleiros e concelleiras, como foi o caso da miña compañeira de grupo Alicia, pois nada máis tomar posesión déchedes orde de eliminala, de malas maneiras, dos grupos de Whats App relativos á Escola de Música. O curso remataba tan só unha semana máis tarde. Pido ética, respecto e dignidade.

Intervén o alcalde, respóndelle aos voceiros dos grupos políticos que as respostas daránselles por escrito no próximo pleno (artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

Cando son as 21:00 horas, propónse finalizar a sesión xa que non hai máis asuntos que tratar.

O alcalde da por rematada a sesión da que se estende esta acta.

Como secretario dou fe do seu contido.

Jose Antonio Pereira Gil, alcalde

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor municipal